



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Lecturas de Literatura Española e Hispanoamericana	Código	613G02048	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Martinez Lopez, María Josefa	Correo electrónico	maria.josefa.martinez@udc.es	
Profesorado	Martinez Lopez, María Josefa	Correo electrónico	maria.josefa.martinez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Análise de textos literarios representativos da literatura castelá e hispanoamericana			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			B6 B10
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		A11	B1
Coñecer e aplicar os métodos de análise de textos narrativos e líricos. Ter capacidade para avaliar criticamente un texto lírico e/ou narrativo. Saber facer relacións interdisciplinares. Coñecer a produción poética y narrativa na lingua española. Adquirir capacidade autónoma de criticar textos literarios e valoralos criticamente. Coñecer as propostas literarias do idioma castelán na pensínsula e en hiapanoamérica.		A1 A2 A15	B5
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.		A15	B1 B10
A asignatura propón unha revisión do pensamento cultural no século XX, partindo do seu fundamento filosófico. Ensinaráse a valorar o pensamento e o exercicio vangardista en conxunto, así como a interdisciplinaridade as súas posibilidades como ferramenta dune coñecemento global do fenómeno vangardista. Ensinaráse a valorar a universalidade da arte e do pensamento.		A2 A5 A15	B7
O alumno debe saber interpretar modelos culturais e saber as razóns polas que se desenvolven ou fracasan.		A7 A11 A15	



Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción	1.1. Actividades iniciais. 1.2. Introducción á metodoloxía de traballo ao longo do curso
2. Prosa	2.1. Metodoloxías para a análise dos textos narrativos. 2.2. Estudo dunha selección de textos narrativos escritos en castelá.
3. Poesía	3.1. Metodoloxía para a análise de textos poéticos 3.2. Estudo dunha selección de textos poéticos escritos en castelá.
4. Teatro	4.1. Metodoloxías para a análise de textos teatrais. 4.2. Estudo dunha selección de textos teatrais escritos en castelá.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A1 A2 A5 A7 A11 A15	2	22.5	24.5
Discusión dirixida	A1 A2 A5 A11 B6 B7	6	12	18
Sesión maxistral	A7 B10	6	12	18
Actividades iniciais	B7 B10	1	0	1
Obradoiro	A1 A2 A5 A7 A11 A15 B1 B5	16	32	48
Atención personalizada		3	0	3

**Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado*

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Consiste na realización de varios comentarios de texto nos que se explicitarán algunhas preguntas e se deixará a liberdade do alumno a selección de outros aspectos salientables e que deben tratarse. A proba incluírá unha mostra das diferentes técnicas que se utilizarán no obradoiro e nas discusións dirixidas.
Discusión dirixida	Partindo dun asunto ou idea para a reflexión proposta polo profesor, os alumnos irán elaborando o seu propio discurso crítico utilizando as ferramentas que lles foron proporcionadas. Deberán defender a súa postura como a adecuada, deberán propor argumentos que a sustenten de xeito científico.
Sesión maxistral	A sesión maxistral serve para fixar a metodoloxía e a contextualización histórico-estética dos textos cos que se traballará no obradoiro e nas discusións dirixidas.
Actividades iniciais	Presentación do contido e avaliación dos coñecementos previos do alumnado, así como avaliación da súa disposición fronte a materia. Valoración das necesidades específicas do alumnado.
Obradoiro	O obradoiro consta dunha serie de exercicios prácticos diversos nos que se persigue o dominio da disciplina mediante a práctica e a metodoloxía. Os alumnos farán comentarios, manipularán textos, farán exposicións e articulacións de ideas con creación intelectual dos contextos históricos e situacións comunicativas, agás da reflexión estética e a contextualización socio-histórica.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Proba mixta Discusión dirixida	O carácter práctico da materia obriga a poñer a atención na singularidade dos alumnos, por iso en cada unha das metodoloxías, e obrigado ter en conta a diversidade e dispor dun tempo axeitado para poder atendela, tarefa que comprende a explicación detallada do que se persigue e a metodoloxía específica que se consideraría máis axeitada para conseguilo.



Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A5 A7 A11 A15 B1 B5	Realización de exercicios de observación, contextualización e explicación dunha selección de textos literarios hispanos, atendendo aos diferentes xéneros. Estes exercicios terán un carácter esencialmente práctico e se farán de xeito, individual, colectivo, preferentemente na aula.	50
Proba mixta	A1 A2 A5 A7 A11 A15	Realización dun comentario de texto literario relacionado cos contidos estudados na aula	50

Observacións avaliación

Para aprobar a materia, os alumnos deben conseguir unha media de cinco (5) entre as dúas metodoloxías avaliáveis: proba mixta e obradoiro. Na segunda oportunidade, conservarase a cualificación positiva, se a houber, e o alumnado repetirá o exercicio da proba mixta.

Os alumnos con dispensa académica deberán informar da súa condición ao profesor ao comezo do curso e deberán presentar un traballo individual (50%), seguindo as indicacións da profesora, e un comentario de texto (50%).

Cualificarase con Non presentado o alumnado que non se presente á proba mixta.

O sistema de avaliación será o mesmo (proba mixta + obradoiro) para o alumnado que se presente á convocatoria de novembro/dembro.

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados á ferramenta para a detección de plaxio Turnitin. Calquera indicio de plaxio conlevará a cualificación de cero (0) para o conxunto da materia (Regulamento disciplinar do estudantado, art. 11, apartado 4b).

A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade. De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñibles na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

Fontes de información

Bibliografía básica	O profesor/a proporcionará os estudantes unha selección de textos para cada tema, que constituirán a bibliografía de traballo práctico na aula. Ademais apórtanse recursos iniciais en formato web: http://www.cervantesvirtual.com/obra/historia-de-la-literatura-espanola-volumen-i/ http://www.cervantesvirtual.com/obra/historia-de-la-literatura-espanola-volumen-ii/ http://www.cervantesvirtual.com/obra/historia-de-la-literatura-hispanoamericana-desde-e-modernismo/
Bibliografía complementaria	- Tzvetan Todorov ([1957] 2012). Teoría de la literatura de los formalistas rusos, trad A. M. Nethol. Madrid: Biblioteca Nueva - Rainer Warning (ed.) ([1975] 1989). Estética de la recepción. Madrid: Visor - Antonio Garrido Domínguez (ed.; trad.) (1997). Teorías de la ficción literaria. Madrid: Arco Libros - Enric Sullà Álvarez (ed.; trad) (1996). Teoría de la novela: antología de textos del siglo XX. Barcelona: Crítica - J. C. Mainer (2010). Historia de la Literatura española. Barcelona: Crítica - J. M. Oviedo (2012). Historia de la Literatura hispanoamericana. Madrid: Alianza

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías